

Comezan os VI Encontros Cidade da Coruña

lunes, 08 abril 2013, 13:27, por Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) anuncia que este xoves 11 de abril, a partir das 20:00 horas, terá lugar a conferencia inaugural dos [VI Encontros Cidade da Coruña](#), organizados coa colaboración da [Real Academia Galega](#) e a [Concellaría de Cultura do Concello da Coruña](#), coa presenza de [Xosé Luís Axeitos](#), presidente en funcións da [Real Academia Galega](#), do presidente e da secretaria xeral da [AELG](#), [Cesáreo Sánchez](#) e [Mercedes Queixas](#) respectivamente, e da relatora, [Pilar García Negro](#), quen desenvolverá o tema *Rosalía de Castro: a orixinalidade do seu cantar*.

A última das conferencias será impartida pola autora portuguesa Lúdia Jorge, que recollerá o premio [Escritora Galega Universal](#) concedido pola [AELG](#).

A seguir, o programa completo dos Encontros, que se celebrarán sempre ás 20:00 horas no Salón de Actos da Real Academia Galega:

1. Conferencia inaugural. Xoves, 11 de abril: ***Rosalía de Castro: a orixinalidade do seu cantar***, por [Pilar García Negro](#).
2. Xoves, 18 de abril: ***Elas, as invisíbeis. Silencios e voces das represaliadas***, por [Aurora Marco](#).
3. Xoves, 25 de abril: ***As voces ausentes. Literatura restitutoria***, por [Antón Riveiro Coello](#).
4. Venres, 3 de maio: ***Quem guardará os livros***, por [Lúdia Jorge](#), [Escritora Galega](#)

Universal 2013.

Porque precisamos reconstruírmos os lugares máis escuros da memoria -as guerras, as mulleres represaliadas, as guerrilleiras, as voces enfermas, esquecidas ou simplificadas até o sometemento, as vidas vividas a contraño na defensa dos dereitos- chegamos á escrita restauradora.

Velaquí a literatura a se converter nos óculos-ponte e no espello reflector que trace, desde a palabra, os lindes xeográficos e humanos dos territorios da invisibilidade.

Esta entrada foi publicada en [Actividades AELG](#), [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#), [Conferencias](#), [Encontros e Xornadas](#) e etiquetada [Antón Riveiro Coello](#), [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#), [Aurora Marco](#), [Cesáreo Sánchez](#), [Concellaría de Cultura do Concello da Coruña](#), [Encontros Cidade da Coruña](#), [Lidia Jorge](#), [Mercedes Queixas](#), [Pilar García Negro](#), [Real Academia Galega](#), [Xosé Luis Axeitos](#) por [asociacionescritoras-es](#). Marca a ligazón permanente.